Actividades de apoio da unidade 5.

1. Completa as seguintes frases:

1.1. A Carta Outorgada promulgada en España foi o _____, do ano 1834 diferenciándose dunha Constitución en que _____

1.2. Os carlistas levantáronse no Norte debido aos _____ e eran partidarios do _____ contra o _____

1.3. O pronunciamento era unha fórmula de _____ con fins_____ e co apoio de _____

1.4. Os principais partidos políticos da etapa isabelina foron _____e _____ máis tarde apareceron os partidos _____

1.5. Os participantes no pronunciamento de 1854 foron _____, conseguindo que se iniciase o _____, durante o cal se aprobaron dúas leis económicas moi importantes: _____e _____

1.6. A Igrexa apoiou ós carlistas sobre todo despois da_____ realizada por _____. Despois a Igrexa apoiou ó partido_____ que en 1851 firmou co Vaticano o _____ que lle permitía a Igrexa recuperar _____e _____

1.7. A Constitución de 1845 foi a máis _____ de todas as do século XIX e a que mellor recolle os principios do _____ e estivo en vigor dende 1845-1854 e dende 1856-58

1.8. A ala esquerda dos _____ formou o partido _____ que reivindicaba un programa de liberdades _____ Entre os demócratas aparecen os primeiros _____, como _____

1.9. Durante os derradeiros _____anos do reinado de_____ alternáronse na presidencia do goberno os xenerais moderados _____e _____ quedando de novo excluída calquera posibilidade de que os _____ chegasen ó poder por medio das _____

1.10. O _____ foi asinado por toda a oposición ao sistema, non só polos _____, e acordaron que a nova forma de_____ decidiríana as _____, elixidas por_____

1.11. A constitución de 1869 foi considerada_____recoñecida no_____ e unha ampla declaración de _____

1.12. Os republicanos procedían do partido _____ e estaban divididos en: _____e _____

1.13. Mentres se discutía nas _____ a constitución de 1869, os federais, partidarios dunha _____decidiron constituírse en_____ _____ e Cartaxena foi a _____ en declararse _____

2. Completa a táboa:

CONSTITUCIÓNS ESPAÑOLAS

	1837	**1845**	**1869**	**1873**
SOBERANÍA				
LIBERDADE DE IMPRENTA				
LIBERDADE DE CULTO				
LIBERDADE DE ASOCIACIÓN				
SUFRAXIO (LEIS ELECTORAIS)				
PODER LEXISLATIVO				
CONDICIÓNS PARA SER CANDIDATO (DEPUTADO/ SENADOR)				
PODER DO REI				
CARÁCTER IDEOLÓXICO				
VIXENCIA				

3. Relacionando conceptos

Relaciona, por medio dunha frase coherente, un dos conceptos da esquerda con cinco dos da dereita

CARLISMO

ESTADO LIBERAL

RÉXIME ISABELINO

REVOLUCIÓN DE 1868

I REPÚBLICA

Dictadura de Serrano, Monarquía de Amadeo de Savoia, Constitución de 1845, Lei Sálica, Centralismo, Anti-liberalismo, Pacto de Vergara, Pronunciamento, Fueros, Apostólicos, Constitución de 1869, Sufraxio universal masculino, Dereito de asociación, Unitarios, Federalismo, Progresistas, “Alfonsinos”, : Intervencionismo militar, Constitución, Moderados, Sufraxio, Igualdade legal, Pacto de Ostende, Soberanía compartida, Cantonalismo.

SOLUCIÓNS

1. Completa as seguintes frases:

1.1. A Carta Outorgada promulgada en España foi o ESTATUTO REAL, do ano 1834 diferenciándose dunha Constitución en que NON RECOÑECÍA A SOBERANÍA NACIONAL

1.2. Os carlistas levantáronse no Norte debido aos FUEROS e eran partidarios do ABSOLUTISMO MONÁRQUICO contra o ESTADO LIBERAL

1.3. O pronunciamento era unha fórmula de REBELDÍA MILITAR con fins POLÍTICOS e co apoio de ELEMENTOS CIVÍS.

1.4. Os principais partidos políticos da etapa isabelina foron OS MODERADOS e PROGRESISTAS, máis tarde apareceron os partidos DEMÓCRATAS

1.5. Os participantes no pronunciamento de 1854 foron MILITARES MODERADOS, conseguindo que se iniciase o BIENIO PROGRESISTA, durante o cal se aprobaron dúas leis económicas moi importantes: DESAMORTIZACIÓN DE MADOZ e LEI DO FERROCARRIL.

1.6. A Igrexa apoiou ós carlistas sobre todo despois da DESAMORTIZACIÓN realizada por MADOZ. Despois a Igrexa apoiou ó partido MODERADO que en 1851 firmou co Vaticano o CONCORDATO, que lle permitía a Igrexa recuperar O ENSINO e A CENSURA

1.7. A Constitución de 1845 foi a mais MODERADA de todas as do século XIX e a que mellor recolle os principios do LIBERALISMO DOUTRINARIO e estivo en vigor dende 1845-1854 e dende 1856-58

1.8. A ala esquerda dos PROGRESISTAS formou o partido DEMÓCRATA que reivindicaba un programa de liberdades RADICAL. Entre os demócratas aparecen os primeiros REPUBLICANOS, como PI I MARGALL

1.9. Durante os derradeiros DOCE anos do reinado de ISABEL II alternáronse na presidencia do goberno os xenerais moderados O`DONELL e NARVAEZ quedando de novo excluída calquera posibilidade de que os PROGRESISTAS chegasen ó poder por medio das ELECCIÓNS.

1.10. O PACTO DE OSTENDE foi asinado por toda a oposición ao sistema, non só polos PROGRESISTAS, e acordaron que a nova forma de GOBERNO decidiríana as CORTES CONSTITUÍNTES, elixidas por SUFRAXIO UNIVERSAL.

1.11. A constitución de 1869 foi considerada DEMOCRÁTICA recoñecida no SUFRAXIO UNIVERSAL MASCULINO e unha ampla DECLARACIÓN DE DEREITOS.

1.12. Os republicanos procedían do partido DEMÓCRATA e estaban divididos en: UNITARIOS e FEDERAIS.

1.13. Mentres se discutía nas CORTES a constitución de 1869, os federais, partidarios dunha CONFEDERACIÓN decidiron constituírse en CANTÓNS e Cartaxena foi a PRIMEIRA en declararse CANTÓN INDEPENDENTE.

2. Completa a táboa:

CONSTITUCIÓNS ESPAÑOLAS

	1837	**1845**	**1869**	**1873**
SOBERANÍA	Nacional	Nacional+Rei	Nacional	Nacional (República)
LIBERDADE DE IMPRENTA	Sen censura previa	Con suxeición ás leis	Ideas e opinións por escrito ou oral	
LIBERDADE DE CULTO	Manter o culto e o clero do catolicismo, que profesan os españois	Relixión católica e mantemento do culto e o clero	Manter o culto é o clero, pero queda garantido calquera outro culto	
LIBERDADE DE ASOCIACIÓN			*Dereito de reunirse e asociarse	
SUFRAXIO (LEIS ELECTORAIS)	Censatario (uns 200.000 homes maiores de 25 anos)	Censatario (uns 100.000 homes de 25 anos)	Universal masculino	Universal masculino
PODER LEXISLATIVO	Cortes + Rei	Cortes + Rei	Cortes	Cortes
CONDICIÓNS PARA SER CANDIDATO (DEPUTADO/ SENADOR)	Ter medios de subsistencia, para o senado as condicións económicas son maiores	Ter rendas e os senadores nomeados polo rei e 30.000 reais de renda	Español, maior de idade	
PODER DO REI	Disolver as Cortes e nomear goberno	Comparte a soberanía nacional e nomea os membros ilimitados do senado	Exerce facultades a través dos ministros. Son as Cortes o centro do poder	Non existe
CARÁCTER IDEOLÓXICO	Progresista (con matices)	moderada	democrática	democrática

VIXENCIA	1837-45; 1854-56	1845-54, 1856-58	1869-1873	Proxecto federal

** ata 1887 non se regulou o dereito de asociación previsto na Constitución de 1876*

3. Relacionando conceptos

CARLISMO: O rei Fernando VII antes de morrer derrogou á **lei Sálica** (que lles impedía reinar ás mulleres) mediante a Pragmática Sanción para asegurar o trono á súa filla Isabel II. Isto non foi aceptado por Don Carlos (irmán do rei) e os seus seguidores que declararon a primeira guerra carlista. O levantamento carlista significaba a defensa da sociedade tradicional, os **fueros** como privilexios legais dalgunhas zonas do norte de España e eran representantes do **antiliberalismo.** O seu lema era "Dios, Patria y Fueros". O grupo dos **apostólicos** eran os intransixentes que non quixeron asinar o **Pacto de Vergara** para rematar a guerra.

ESTADO LIBERAL: Na construción do estado liberal tivo un especial protagonismo o **intervencionismo militar** para facer posible o cambio político e a consolidación das novas institucións, xa que foron militares quen combateron ao carlismo. O estado liberal caracterizouse polo **centralismo** da administración do Estado, polo papel que as diversas **Constitucións** lle recoñeceron á Monarquía, pola **igualdade legal** de todos os cidadáns e o dereito ao **sufraxio** que era moi restrinxido, sendo un pouco mais amplo nas etapas progresistas, pero sempre limitado á certo nivel de renda , voto censatario.

RÉXIME ISABELINO: A raíña Isabel II foi proclamada polas Cortes en 1843 trala caída de Espartero e os **moderados** fixéronse co poder co apoio total da raíña. Gobernaron durante un longo período de tempo, no que elaboraron a **Constitución de 1845** (moderada) que recolle a **soberanía compartida** entre o rei e as Cortes, pero en 1866 a oposición ao sistema decide unir as forzas no **Pacto de Ostende**, que foi un pacto antiisabelino asinado por **progresistas** e demócratas para establecer as bases mínimas para unha acción revolucionaria.

REVOLUCIÓN DE 1868: A revolución do 68 provocou a caída da monarquía isabelina e deu paso a un Goberno provisional con Serrano e Prim, xenerais que encabezaran o **pronunciamento,** como dirixentes. Este Goberno convocou eleccións a Cortes constituíntes que elaboraron a Constitución máis democrática do s. XIX, a **Constitución de 1869,** onde se recolle o **sufraxio universal masculino**, a liberdade de cultos e o **dereito de asociación**. O réxime político establecido na Constitución e a **Monarquía** e, despois dunha busca vergonzosa, **Amadeo de Savoia** foi elixido rei.

I REPÚBLICA: En 1873 o Congreso e o Senado proclamaron a República pero os republicanos estaban divididos en dous grupos: os **unitarios** e os federais, que eran partidarios de configurar España como unha federación de estados. O **federalismo,** que nacera en 1868 como unha escisión do Partido Demócrata, foi a base da insurrección do **cantonalismo,** sendo Cartaxena a primeira provincia en declararse cantón independente; esta experiencia rematou coa **ditadura de Sérrano**, que instaurou un goberno provisional apoiado polo exército e os **alfonsinos** que eran partidarios de restaurar a dinastía dos Borbóns na persoa de Alfonso XII.